



D E C R E T O.- Ourense, 20 de xuño de 2017.

Unha vez visto que, trala modificación da Relación de Postos de Traballo de 2017 realizada por acordo do Pleno do día 28 de abril de 2017 figura dentro da plantilla de persoal eventual desta Deputación o seguinte posto:

-Área de Presidencia-Gabinete de Presidencia: **Asesor de Emigración**. Número de postos: 1. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ao subgrupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.153,40 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a don Manoel Carrete Rivera con NIF 46454609Z, coa categoría de asesor de emigración, asimilado ao subgrupo C1, aboándosele as pertinentes retribucións con cargo aos orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do 20 de xuño de 2017.

2.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asíno o Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense, don José Manuel Baltar Blanco. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,